

Ledicia Costas: «Na vida hai que ir con todo»

[Jorge Casanova](#) [Galicia](#)

16 de xaneiro de 2022

<https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2022/01/15/ledicia-costas-na-vida-hai-ir-/00031642231144269540375.htm>

Que muller fenomenal parece Ledicia Costas (Vigo, 1979). Quedamos nunha cafetería do novo centro comercial de Vigo e pronto esquezo que a que ten que falar é ela e non eu. Ten uns ollos magnéticos, expresivos, deses que non se controlan e que despistan a calquera.

—**Ledicia, vaia nome fermoso!**

—Si. É curioso porque os meus pais, que son castelanfalantes, educáronme en castelán, pero gustoulles o nome de Ledicia. O concepto tamén me acompaña.

—**Que presión, ter que ser feliz.**

—En absoluto. Lévoo con orgullo. Sempre me acompaña ese toque de melancolía, pero gústame moitísimo o meu nome. O mérito é dos meus pais.

—**Como a chaman os amigos?**

—Ledi.

—**Cantas veces a chamaron Leticia?**

—Uf! E Alicia e todo o catálogo que acaba en *icia*. Unha vez un vendedor destes telefónicos chamoume [Presbicia](#). Díxenlle: «Presbicia é a que ten vostede», ha, ha.

—**Como era a Ledicia nena?**

—Era curiosa, moi lectora, moi tímida. A introversión era a miña característica principal.

—**Así que non era nada traste.**

—Todo o contrario. As poucas veces que cometín algunha infracción vivía atormentada e acababa confesando.

—**Cal era o seu xoguete favorito?**

—A [Nintendo](#). E antes diso, a Nancy do espazo. Chamábase Selene. Pero eu non era moi de bonecas, sempre me tiraron máis as máquinas e os libros. En clase lembro que me custaba moito prestar atención. Sempre estaba inventando historias na miña cabeza.

—**Pois vou facer que fale máis, para que non se me distraia.**

—Non, non. Gústame moito escoitar ás persoas. Teño o talento de escoitar aos demais agora que ninguén escoita a ninguén. Todo o mundo quere falar de si mesmo, é a cultura do eu.

—**Logo foi á universidade.**

—Si, a estudar Dereito Económico.

—**Que non lle gustou nada.**

—E como me ía gustar se a min non me gustaban as matemáticas. Deixei influenciar e acabei estudando algo que non me interesaba nada. Eu quería ser escritora, pero non existe a carreira de escritora.

—**Son os tempos do amor... Namorou moito?**

—Pouco, pero non me aburrín. Non perdín o tempo, pero ese concepto de namórome de todo o mundo non o vivín. Sempre fun bastante selectiva. Paseino moi ben na universidade. Non academicamente, pero no tempo no que non estaba en clase paseino realmente ben.

—**O amor está moi ben, pero tamén está moi mal.**

—O desamor en tal caso. Eu fago a diferenza, porque o amor, o momento de querer a outra persoa e sentir que te quere a ti, é fantástico. E arranja outros problemas, porque todo o demais é como secundario. Pero cando iso falla, a dor chega a ser algo físico. Pero tamén se aprende moito.

—**Mellor querer máis e sufrir máis ou querer menos e sufrir menos?**

—Nin unha cousa nin a outra.

—**Iso non vale.**

—Pois querer moito sempre. Hai que ser libre. Os exercicios de contención non me convencen; na vida hai que ir con todo. Pero o máis importante é querer ben. E que te queiran ben.

—**[A cociñeira defunta...](#) Escribe vostede sobre temas un pouco macabros.**

—A min vaimos o gótico. Fantasmas, espíritos... e mesturar iso con humor. Dende nena, sempre me fascinaron as historias de fantasmas e do alén. E descubrín que, como escritora, pasábao de marabilla escribindo esas historias.

—**Non lle daban medo, de pequena?**

—Si, pero ao mesmo tempo atraíanme.

—**Gusta tamén de visitar cemiterios.**

—Isto vén porque cando tiña seis anos o meu avó colleu o costume de levarme aos cemiterios que visitaba. Eu vía ramos de flores que estaban ben e preguntáballe ao avó se os podíamos levar. El mirábame cunha cara... Aquilo espertou a miña curiosidade polo mundo macabro e por iso escribo libros infantís sobre a morte. E logo collín o costume de visitalos.

—A que lle ten medo?

—A morte das miñas persoas queridas. E a enfermidade tamén.

—É crente?

—Que va! Pero envexo as persoas que cren, porque o fan con moita convicción. Eu non penso practicamente niso. Creo no que vexo, no tanxible.

—Dígame un que lle guste moito.

—O da Consolação, en São Paulo.

—Escribe oito horas ao día, lin.

—Ás veces máis e outras menos, pero son moi disciplinada para iso. Tamén é a única cousa na vida para a que son disciplinada, para o traballo. Se me deixase levar por ese concepto romántico da inspiración, non escribiría nunca. Para escribir novelas hai que dedicarlle horas.

—Unha novela é un milagre.

—Require dunha entrega total. A túa cabeza está metida todo o tempo nese universo que estás construíndo. É a única maneira de enchouparte da historia, de meterte na pel dos personaxes... É unha inmersión completa.

—E mete nas novelas á súa panadeira, ao veciño...

—Si, claro. Hai moitas frases que lle escoito a persoas ou xente que me parece singular que acaban nos meus libros sen sabelo.

—Vostede métese no corazón das persoas. E haberá quen llo faga saber.

—Iso é moi impresionante. Eu recibo cada mensaxe que ás veces déixanme rota, rota de emoción. Unha cousa así dálle sentido a todo.

—Iso, co dereito administrativo non pasa.

—Nin de coña.

—É máis fácil escribir para nenos?

—Que va, en absoluto.

—Xa sabía que me ía dicir iso.

—O público infantil é hiperocrítico e moi difícil de conquistar. Len con sobreatención.

—Imos cambiar de carril. Que tal na cociña?

—A min o que me gusta é comer. O de cociñar, xa... que me conviden.

—Dedíquese catro palabras.

—Son prudente, reservada, moi leal... e moi despistada. E divertida. Cambie prudencia por diversión.

—Agora catro palabras a Vigo.

—Vigo é caos, é salvaxe, é bonita e diría que é fogar.

—Ten que gastar 5.000 euros nun día, que compra?

—Unha obra de arte, algo bonito.

—A que autor lle gustaría coñecer?

—Gustaríame ter coñecido a Almudena Grandes.

—Fáleme da consola. Seica lle dedica moito tempo.

—Moito tempo, non, pero xogo cada día. Dáme moita rabia cando se demonizan os videoxogos e se enfrontan á lectura. Parece que non poden convivir e non estou de acordo. O problema é engancharse.

—Cando es un neno, é difícil non engancharse.

—É difícil, pero penso que se as nais, os pais e os avós están engançados ao móbil, pois, os nenos é o que ven. Eu lía mogollón de libros e xogaba á consola. E a día de hoxe sigo facendo o mesmo. Hai que buscar o equilibrio. Moitas veces os videoxogos abríronme a cabeza á hora de atopar posibilidades para escribir historias. Hai mundos maravillosos nos videoxogos. Teño momentos nos que sufro o síndrome de Stendhal. Sobre todo coas lentes, que as acabo de descubrir.

—Como?

—Son unhas lentes de realidade virtual. Explótache a cabeza. Hai un xogo que é un minigolf que de súpeto estás no deserto, en Tailandia, en Xapón... Podes voar... Unha vez que probas ese produto, todo o anterior paréceche antigo.

—Se compro iso xa non saio da casa.

—Por iso hai que atopar o equilibrio. Eu tamén podería pasar días xogando, pero hai que saír e socializar.

—Cal é o seu récord de tempo xogando?

—Iso non o vou contar, ha, ha. Tamén teño récords de estar lendo ata que me explota a cabeza. A verdade é que me gustan os videoxogos e a realidade virtual.

—Que tal dorme?

—Por épocas. Cando estou escribindo unha novela, mal, porque estou desacougada. E cando estou de promoción, tamén durmo mal.

—Que fai mal que lle gustaría mellorar?

—Xa mellorei moito, pero gustaríame dicir que non a moitas cousas. Cada vez desestabilízome menos dicindo que non, pero custoume chegar ata aquí.

—O máis importante na vida?

—Rodearte das persoas coas que queres estar.

E Leticia marcha. A min quedame un bo anaco ata que saia o tren de volta. Así que vou a unha librería do centro comercial a mercar un dos seus libros para facer a inmersión total. Adiviñen, están esgotados.